



Queen-Sung Yu

BIRAWXS

*Chien-Shiung
Wu*
(1912-1997)

Destacada física experimental de orixe chinesa e establecida nos Estados Unidos dende o ano 1936. Era coñecida como «a primeira chinesa Curie» ou «raíña da investigación nuclear». Dende moi nena destacou na escola e decatouse moi cedo da súa vocación científica. Posuía unha personalidade forte e decidida, e foi unha das mellores estudantes da Universidade de Nanjing, onde incluso chegou a pór a proba as autoridades liderando unha revolución estudantil. Confiaba en que non se atreverían a expulsar a mellor estudante do campus. Realizou importantes achegas no campo da física nuclear, descubridora da contradición da lei de conservación da paridade, a través dun experimento a partir de entón coñecido como «experimento Wu». Non obstante, o recoñecemento público deste descubrimento levárono dous colegas seus, Tsung-Dao Lee e Chen-Ning Yang, a quen, inxustamente, lles concederon o Premio Nobel de Física no ano 1957. A pesar de que non lle concederon o Nobel, acadou grandes recoñecementos: outorgáronlle o primeiro premio Wolf de Física en 1978, foi a primeira doutora honoris causa pola Universidade de Princeton (1958), membro da Academia Nacional de Ciencias, Premio de Investigación de la Corporación (1958) ou o Premio Tom Bonner da Sociedade Americana de Física onde foi a primeira muller presidenta.

Ilustración: Marta Riera / marta@martaiera.com